

MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 16 AO 22 DE MARZO

- Para resolver os exercicios lembra axudarte cos dicionarios dos que dispoñemos en rede:
DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA <https://academia.gal/diccionario>
DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA <https://digalego.xunta.gal/>
- Ademais dos exercicios debes repasar a conjugación verbal a través dos xogos propostos na web **O XIMNASIO DOS VERBOS** <https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/> seguindo a ruta: menú, xogos, alternancia vocálica ou verbos irregulares.
Esta web tamén permite antes de pasar aos xogos facer un adestramento previo e aprender trucos para a aprendizaxe da conjugación verbal.
- Podedes contactar comigo para calquera dúbida no enderezo electrónico: belitroques@gmail.com (quen non entregase algún dos traballos do trimestre lembre enviarnos tamén ó correo).

ACTIVIDADES (PODES IMPRIMIR ESTAS PÁXINAS OU RESOLVELOS NO CADERNO)**1. Identifica nas seguintes oracións os termos de procedencia xermánica e os de procedencia árabe. Se tes dúbidas, emprega un dicionario:**

- O xabón que mercaches non produce moita espuma.
- O alcalde e mais o alguacil saíron xuntos da reunión.
- O que máis me gusta é facer os exercicios de álgebra.
- Gústame tomar o leite cun pouco de mel ou cun pouco de azucre.
- Piqueime ao me secar coa toalla porque había nela un alfinete.
- Elvira e Gonzalo van xogar unha partida de xadrez.
- Estou a dieta pola gastroenterite que sufrín, así que só vou cear un pouco de arroz con cenoria esmagada.
- Vimos unha laverca que voaba moi baixo.

2. Le o seguinte poema e contesta:

Miserere!

Morre abafada Galicia
baixo a pouta *castelán*:
temos fame de *xusticia*;
fame de lobo e de can.
Probe de nós!
Dios nos colla da súa man!

Saen os vapores cheos;
nenos e homes que se van:
cae o pedrazo dos ceos
e deixa arrasado o chan.
Probe de nós!
Dios nos colla da súa man! [...]

No hai herba pra darlle ó gando
nin queda palla do *vran*:
os *automobis* bruando
carretera adiante van.
Probe de nós!
Dios nos colla da súa man!

Xuraron nas *eleccións*
facen a vida *livián*:
ruben as *contribucións*;
o ano que vén dobrarán.
Probe de nós!
Dios nos colla da súa man! [...]

Temos o frío nos ósos
e *no* hai follato nin *lan*:
choran os filliños nosos
pedindo quentura e pan.
Probe de nós!
Dios nos colla da súa man!

Temos frío! Temos medo
de erguer o sacho na man!
Bebemos o viño acedo
e xa o sangue é *solimán**!
Probe de nós!
Probe dos *probes* sen pan!
Dios nos colla da súa man!

***Solimán**: substancia corrosiva e velenosa

Ramón Cabanillas, *Vento mareiro* (adaptación)

- a. Explica de forma argumentada se o poema anterior é costumista, cívico ou intimista (lembra estes conceptos estudados en 3º da ESO).
- b. Indica en que estrofa do poema se fai referencia a cada un dos seguintes temas e explica que se di deles.
- Os impostos.
 - A fame e a pobreza.
 - A emigración.
 - A administración do goberno español.

3. Volve escribir este texto empregando as maiúsculas cando sexa necesario.

por estas mesmas datas fundábase en Compostela o Seminario de Estudos Galegos, co afán de abordar o estudo de todas as manifestacións da cultura galega desde un ideario nacionalista e interdisciplinario. Algúns dos seus membros achegarán nos seus estudos históricos novidades verbo dos gravados rupestres. É o caso de Fermín Bouza-Brey e de Florentino López Cuevillas que, seguindo as opinións do alemán Obermaier, tentarán facer da arte rupestre galaica un elemento máis da identidade cultural atlántica.

Antonio de la Peña Santos, *Os petróglifos galegos* (adaptación)

- a. Busca información sobre o Seminario de Estudos Galegos, Bouza-Brey e López Cuevillas.
b. Elabora unha liña temporal cos principais períodos da historia da literatura galega.
c. En que período da historia da literatura galega podemos inserir ós anteriores autores.

4. Copia no caderno as seguintes oracións completándoas coa palabra axeitada de cada par de homófonas. A continuación escribe unha oración con cada unha das palabras.

- Levamos as fotos da viaxe a (REBELAR / REVELAR).
- Sabedes moi (VÉN / BEN) que vos estamos falando en serio.
- O (VESTIARIO / BESTIARIO) do equipo local tiña unhas dimensións moi reducidas.
- No souto próximo á nosa casa os castiñeiros están moi (VASTOS / BASTOS).

5. Le o seguinte texto e resolve as cuestións que se propoñen.

Tunicados do Caribe e esponxas de Madagascar son algúns dos organismos mariños en que se inspiraron os investigadores de Pharmamar para lograr potentes medicamentos contra o cancro. Esta firma galega, creada hai case tres décadas, lánzase agora á aventura de saír á bolsa en Nova York. O seu obxectivo: lograr financiamento para as súas novas moléculas contra o cancro de pulmón e de ovario e contra o mieloma múltiple, así como sacar adiante as que aínda están en fase preclínica.

Os equipos de mergullo de Pharmamar baixan ata 100 metros de profundidade na procura de organismos mariños, sobre todo invertebrados, como tunicados e esponxas, moluscos e equinodermos. Fan sete ou oito expedicións ao ano e recollen mostras á man entre os océanos Pacífico e Índico. O equipo cataloga cada mostra no propio barco e conxélaa para logo obter fármacos oncolóxicos.

Os analistas financeiros indican que o negocio destes fármacos podería triplicarse cando comece a venderse a finais de ano nos mercados de EUA e Xapón. O presidente de Pharmamar móstrase entusiasmado ante as expectativas que se abren para a empresa. «Apostamos por algo que non se fixo nunca e ao final está visto que o camiño que eliximos era acertado», conclúe cun gran sorriso.

www.gciencia.com (adaptación)

a. Que tipo de texto é o anterior, atendendo á forma do discurso? Elixo e xustifica:

Narrativo

Argumentativo

Descritivo

Expositivo

b. Indica onde comeza e onde acaba cada parte do texto.

- Introducción →
- Desenvolvemento →
- Conclusión →

c. Resume o contido do texto.

6. Explica brevemente cal é a procedencia do léxico galego.

7. Acentúa estas palabras e indica se son agudas, graves ou esdrúxulas.

coxegas
heroe
tactil
ademais

anunciou
tregua
accion
triceps

loureiro
crater
medula
nausea

lapis
revelou
amalgama
climax

8. Le a seguinte noticia e contesta.

CANTOS MÁIS AMIGOS TEÑAS, MÁIS RESISTENTE Á DOR SERÁS

Un estudo demostra que as persoas con círculos de amizade máis grandes son máis tolerantes á dor física

Din que os amigos son a familia que eliximos, as persoas que temos ao noso carón nas boas, e tamén as primeiras en aparecer cando as cousas van mal. Un apoio incondicional que, ademais, fai aumentar a nosa resistencia á dor física. De acordo cun recente estudo realizado pola Universidade de Oxford e publicado na revista *Nature*, canto maior sexa o círculo de amigos dunha persoa, maior resistencia mostrará ás doenzas. O estudo, titulado «O tamaño da rede social humana determina a resistencia á dor», comprobou a relación entre os limiares da dor e as dimensións do círculo social, demostrando que as persoas con grandes grupos de amigos teñen un maior nivel de endorfinas. Estas substancias químicas producidas polo corpo están vinculadas aos sentimentos de pracer, reducen a incomodidade física e constitúen un analxésico natural máis potente incluso que a morfina. Como parte da investigación, 101 voluntarios de idades comprendidas entre

18 e 34 anos completaron un cuestionario sobre a súa vida social e a súa personalidade antes de someterse a unha medición do seu nivel de resistencia á dor. A medición realizouse a través dun exercicio físico de cuádriceps que consistía en poñerse en crequenias contra unha parede, coas costas rectas e os xeonllos en ángulo recto, e permanecer nesa posición ata non ser quen de soportar máis.

Os investigadores observaron que as persoas cos círculos sociais máis amplos tiveron unha maior resistencia á dor. Por outra parte, os individuos máis desenvolvidos fisicamente tamén podían soportar a dor durante períodos máis longos, xa que a actividade física tamén promove

a liberación de endorfinas. Dalgunha maneira, este estudo pon de relevo que é preciso coidar as interaccións humanas, porque están vinculadas ao noso benestar físico e mental. Segundo explica Katerina Johnson, estudante de doutoramento en Psicoloxía Experimental e coordinadora do estudo:

«Como especie, evolucionamos para prosperar nunha contorna social rica; en cambio, nesta era do dixital as deficiencias nas nosas interaccións sociais poderían ser un dos factores que pasamos por alto e que poden estar contribuíndo á deterioración da saúde da nosa sociedade moderna».

www.gciencia.es (adaptación)

Responde estas preguntas sobre o estudo de que informa a noticia.

- Quen promoveu a investigación?
- Que medio a difundiu?
- Como se desenvolveu o estudo? Que demostrou?
- Que explica a resistencia á dor das persoas con círculos sociais amplos?
- Que outras persoas manifestaron unha elevada resistencia á dor?
- Que conclusións se poden extraer da investigación, relacionadas co modo de vida actual?

- Ponlle á noticia un título e unha entrada alternativos.
- Procura no texto unha palabra con tritongo, catro con hiato que leven acento gráfico e dúas con dobre ditongo.

9. Explica o significado destas parellas de homónimos.

- Os piratas enterraron o seu botín. /Rompeume o taco do botín negro.
- Estase botando a auga da pota. /Gústame o arroz con potas.
- Non ten traza ningunha de chover. /A traza pegou co armario.
- Foi o golpe quen comeu as galiñas. /Levou un golpe nos dedos.
- Gardou os cartos no peto. /O peto fixo o niño nun piñeiro.
- Publicouse nun bando municipal. /Entregouse un soldado do outro bando.

10. Coloca os acentos gráficos necesarios.

- A baía coruñesa sufriu os barbaros efectos do descoído durante un longo periodo de tempo.
- Saiu pola porta e chegou a rua nada mais sentir o ruído dos camions.
- No xuízo declarou que non ía desde había tempo pola mansión do anciano falecido, pero que coñecía moito a maioría dos que andaban a miúdo por ali.
- Ten un carácter doce, aínda que non carece do espírito aventureiro de súa nai.

11. Coloca os *h* que falten.

As arpías eran seres orripilantes que abitaban as illas elenas de Estrófades. Tiñan forma de mulleres aladas con gadoupas. A lenda conta que Fineo, rei da Tracia, revelou certos segredos dos deuses, e Zeus, alporizado, condenouno a morrer de fame nunha illa onde se lle ofrecía un festín diario que tiña prohibido comer, e que era roubado polas arpías. Este castigo prolongouse ata a chegada de Xasón e dos Argonautas, eroes que abilmente conseguiron apresar as arpías. En recompensa, Fineo onrounos revelándolles o camiño que os conduciría ao vélaro de ouro.

Wikipedia (adaptación)